



Neira Vilas en Gres, na súa casa materna

Poema a

Xosé Neira Vilas



Rosalía Morlán Vieites
Fundación Xosé Neira Vilas

Debo dicir que me sinto verdadeiramente afortunada por ter coñecido e tratado desde hai moitos anos a ese grande mestre, pilar fundamental das Nosas Letras chamado Xosé Neira Vilas. Outro tanto me sucede con Anisia Miranda, a súa compañeira da vida, coa que mantiven unha relación entrañable, auténtica e inesquecible.

Todo un privilexio gozar da sincera amizade de Pepe e Anisia, compartir conversas, confidencias e consellos, sempre animándome a escribir.

Por iso ao falar del as palabras amoréanse no sentimento: agrimo, sensibilidade, humildade...

Neira Vilas tivo a cortesía de chamarme no ano 2012 para formar parte do padroado da fundación que presidía, esa Casa da Cultura radicada en Gres na que

tiven ocasión de asistir ás maxistras leccións de galeguidade que compartía connosco con paixón e naturalidade.

Vivo a diario pola miña profesión de sanitaria o deterioro que experimenta o ser humano coa perda da saúde. A fortaleza mental e o fino sentido do humor con que Pepe Neira afrontou a súa decadencia física son un exemplo para todos, un espello no que mirarnos para seguir adiante con Galicia no sentimento.

Este poema naceu con motivo da homenaxe que a Fundación Paco Lareo A Solaina de Piloño organizou na súa honra. Tiven a sorte de poder recitalo ese día na súa presenza e de recibir a ollada tenra e agradecida dese home admirable que permanece inmortal nos nosos corazóns.



Poema a Xosé Neira Vilas

*Non ten acougo o poeta
porque non atopa versos
non lle abundan as palabras
para expresar sentimentos.*

*Pídelle axuda á lúa
na noite máis estrelada
na máis misteriosa e meiga
esa na que todo pasa.*

*Traédeme axiña meigas,
traédeme axiña fadas,
enriba do lume e as faíscas
as máis fermosas palabras.*

*Quedou calado o poeta
mentres o tempo pasaba.*

*E tamén calou a noite
ao saber en quen pensaba,
e falou baixiño o vento,
que máis que soprar zoaba.
Dixo que era seu amigo
dende que no berce o arrolara.
Falaron as corredoiras
e o río Ulla choraba.*

*Quedou calado o poeta
mentres o tempo pasaba.*

*Dende este anaco do mundo
marcha moi lonxe un galego,
nunha pequena maleta
soños, lembranzas e medos.*

*No corazón sempre a aldea,
Galicia no pensamento,
deixa atrás á súa xente
e un mundo de sentimentos.*

*As frías noites de inverno
sentado ao pe da lareira,
mañás vestidas de xeada,
mentres a alborada esperta.*

*As Insuas, o campo da festa,
asubíos na devesa,
o pan de boroa, os grilos,
as fermosas carballeiras...*

*Canto máis tempo pasaba
máis sentía a súa terra,
sempre fiel á nosa lingua
e á patria onde nacera.*

*Pasaron meses e anos
e a nosa fala medrou,
chegou ata todo o mundo
Ai ,amor! Ai, amor!*

*Nas noites meigas porteñas
acariña ao vento o bandoneón,
a ritmo de son cubano
está medrando un amor.*

*Ela i el, Anisia e Pepe,
soamente un corazón,
cantas cousas xa pasaron
Ai, amor!, Ai, amor!*



*Mentres un café arrefría
e o ceo porteño asexá
escribe aquel mozo de Gres
as memorias dunha aldea.*

*Fermosa e sinxela historia
retrato daquela época,
deixounos ver con Balbino
a realidade da terra.*

*Pasaron meses e anos
e a nosa fala medrou,
chegou ata o mundo enteiro
Ai ,amor! Ai amor!*

*Pasou o tempo amodiño
e noso escritor tornou,
vestiuse de festa a noite
e o río Ulla cantou.*

*Xa es de todos nós,
meu amigo,
e tamén nosa é ela,
a túa amiga, túa amada,
a túa pomba viaxeira.*

*De súpeto
ao mirar os seus ollos
botou a falar o poeta,
e falaron as silveiras
cantou o cuco na aldea.*

*No ceo as nubes pintaron
o nome de Xosé Neira,
orgullo de todos nós
orgullo da Galicia auténtica.*